

Este texto ha sido publicado en *Encrucillada* 192 (2015) 3-4

Hai cousas que parece que nunca cambian e, non obstante, a experiencia vainos amosando que non é así. Para ben ou para mal, pero a vida flúe. Evitemos valorar precipitadamente. Só constatemos o feito.

Que cada quen, se quere, faga a proba. Mire ao seu redor máis inmediato e leve conta dos modelos de familia que ten á man. Matrimonios casados pola Igrexa con fillos. Matrimonios casados pola Igrexa sen eles. Matrimonios casados polo civil con ou sen descendencia. Parellas de feito que cohabitan establemente sen casar. Separados non divorciados. Divorciados ou divorciadas con fillos ao seu cargo. Divorciados ou divorciadas que retornan a unha imposible adolescencia. Viúvos ou viúvas máis ou menos novos. Parellas homosexuais sen fillos. Parellas homosexuais con fillos. E xa non digo nada verbo da difusa fasquía das relacións entre a xente máis nova, pero xa non nena: sexo puntual con descoñecidos en noites de troula, amigos con dereito a roce, amantes máis ou menos ocasionais, relacións estables pero abertas, noivados fieis, relacións a distancia, encontros a través de internet, convivencias prematrimoniais máis ou menos prolongadas...

Encrucillada quere aproveitar este número para reflexionar sobre a familia, a parella, o matrimonio, sobre os novos modelos de familia e sobre os retos pastorais que significan estas novas realidades.

Teresa Castro Martín encadra perfectamente o tema. Desde un punto de vista sociolóxico achéganos con datos ao cerne da cuestión. «As familias españolas de inicios do século XXI son unhas familias máis plurais, máis versátiles, máis complexas, e tamén máis fráxiles, ca as que predominaban no século anterior. A disociación entre matrimonio e reprodución, a coexistencia da maternidade/paternidade biolóxica e social, e a evolución das relacións de xénero cara a modelos máis igualitarios, seguramente serán os eixos que moldearán as biografías

familiares no presente século». Habera que seguir atentos á pescuda.

Marciano Vidal aborda a cuestión teolóxica e pastoral das relacións sexuais e convivencia preconxugal. Con realismo inicial na análise da cuestión bota logo man da historia e da teoloxía moral para rematar propoñendo unha nova revitalización do noivado como institución a recuperar.

José María Díaz Moreno envorca neste traballo toda unha vida de canonista que, ademais de impartir docencia, vogou (e voga) longamente na pastoral. Reflexiona sobre a cuestión da comunión aos divorciados voltos a casar no marco do actual Sínodo sobre a familia. Cómpre non esquecer a súa sabia apelación ás circunstancias singulares de cada caso e á voz da conciencia.

En formato dixital, a saber: na web, www.encrucillada.es ofrecemos en aberto unha valente reflexión de Monseñor Agrelo —bispo de Tánxer— na que toma posición clara verbo da admisión á comunión dos divorciados voltos a casar. Compre lela sen falla.

Carmen Peña, consultora neste Sínodo extraordinario sobre a familia iniciado en outubro de 2014, aborda a cuestión da Igrexa e as persoas homosexuais. Cuestión candente onde as haxa e ben merecedora dunha reflexión seria, serea e fonda (aínda que breve) como a que aquí se ofrece.

Xosé Fuentes Alende escribiu un documentado estudo sobre o persoeiro ao que este ano se lle dedican as Letras Galegas 2015: Xosé Filgueira Valverde. Respondendo ao encargo de Encrucillada, o autor céntrase nas vinculacións eclesiais de Filgueira e no seu labor cultural e investigador desde a súa vivencia da fe cristián.

Elvira Santos e Xulio Andián lembran a figura da recentemente desaparecida María Asunción Louzán Tomé. Aquí atoparán os lectores textos cheos de agradecemento e emoción.

As habituais roldas de Igrexa, Cultura e Política completan un número que, xunto cos debuxos sempre suxestivos de Soedade Pite, pechan un número que, coma quen di, xa nos sitúa ás portas do verán. Este ano, o Foro de Encrucillada será o 17 de outubro coma sempre en Compostela. Reflexionaremos sobre

“Os cristiáns sen Igrexa”. Polo de agora apuntade a data.
Seguiremos informando.

Pedro Castelao